



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE NOVEMBRO DE 2020

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00000825E.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta.

2. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000498V.

Conceder licenza de segregación de parcela e aceptación gratuita de cesión de viario.

Acéptase gratuitamente e libre de cargas a cesión do viario e concédese a licenza para realizar a segregación dunha parcela situada en Costa do Sisto,

3. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: LIC/1269/2020.

LICENZA DE DEMOLICION

Acórdase conceder a licenza para realizar unha demolición dunha edificación situada na Rúa Outeiro do Sar, 9.

4. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: LIC/1173/2020.

CONSOLIDACIÓN DE CUBERTA E ESTRUCTURA INTERIOR

Acórdase conceder licenza para realizar a consolidación de cuberta e estrutura interior dun inmoble situado en Trva.do Cruceiro do Gaio, 3.

5. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000224L.

CONCESIÓN DE LICENZA DE EXECUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E ACEPTACION DE CESION DE VIARIO

Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder licenza para unha vivenda unifamiliar illada no lugar de Portela de Vilvestro.

6. LICENZAS E DISCIPLINA URBANÍSTICA. Referencia: 2020/00000216B.

CONCESIÓN DE LICENZA DE EXECUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E ACEPTACION DE CESION DE VIARIO

Acórdase aceptar a cesión de viario e conceder licenza para unha vivenda unifamiliar illada na Rúa dos Porróns.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00000709K.

CONCESION LICENZA DE SEGREGACIÓN LIC/1544/2019

Acórdase aceptar de balde e libre de cargas a cesión de viario e licenza para a segregación dunha parcela situada no lugar de Folgoso.

8. LINGUA GALEGA. Referencia: LG/PMB2020.

Convocatoria da XXI edición dos Premios Manuel Beiras. Bases e programa de Actividades.

Apróbase a convocatoria da XXI edición dos Premios Manuel Beiras. Este premio, anual, outórgase cada anos ás empresas que o xurado considere merecentes dun recoñecemento público polo uso do galego na súa actividade, e na categoría que corresponda. Non leva engadida dotación económica algunha. Materializarase nun elemento simbólico que se entregará as persoas representantes das empresas premiadas nun acto público. As categorías son:

- Empresa cun uso continuado da lingua galega: para empresas que empreguen o galego de xeito habitual na súa comunicación, cando menos, cinco anos atrás.
- Empresa de nova incorporación ao uso do galego: empresas que comezaron a empregar o galego na súa comunicación nos últimos cinco anos.
- Empresa innovadora no uso do galego. Empresa que destaque pola innovación da súa comunicación en galego.

Poden concorrer a este premio as empresas radicadas no concello de Santiago de Compostela, entendendo aquelas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.

Tamén se aprobou o programa de actividades vinculadas á convocatoria, composto por unha campaña de comunicación e un evento para a entrega dos premios, cun orzamento estimativo total de 19.178,5 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: CONTRATACION/178/1999.

Cesión da praza nº 16 do aparcamento Ponte Castro.

Apróbase a citada cesión entre dous particulares.

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: F/2020/3394.

Convalidación de actuación de gastos: F/2020/3394.

Acórdase autorizar, dispor e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor dun terceiro, por importe de 15.851 euros, en concepto de aluguer de equipos técnicos e son para actividades no parque de Bonaval, durante as festas do Apóstolo 2020.

11. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00000677N.

Traspaso das casetas da praza de abastos números CE5 e CE6.

Acórdase aprobar o citado citado trasaso entre dous particulares. A nova persoa adjudicataria ten a obriga de explotar as casetas conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos. O prezo do traspaso establécese en 12.020,24 euros e a actividade á que se pretende adicar é a venda de xoiería, relojería, pratería e bisutería.

12. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00000637H.

Traspaso da caseta da praza de abastos número NC291.

Acórdase aprobar o citado citado trasaso entre dous particulares. A nova persoa adjudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos. O prezo do traspaso establécese en 6.010,12 euros e a actividade á que se pretende adicar é a venda pescados, mariscos e derivados.

13. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00000321R.

Transmisión das casetas da praza de abastos números CE021 e NA361.

Acórdase aprobar o citado citado trasaso entre nai e filla, por xubilación da primeira. A nova persoa adjudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos. A actividade á que se pretende adicar é a venda pescados, mariscos e derivados.

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2020/00000507A.

Transmisión da caseta NC252.

Acórdase aprobar o citado trasaso entre nai e filla, por xubilación da primeira. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme ás disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos. A actividade á que se pretende adicar é a reparación de paraugas e venda de artesanía.

15. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/24/2018.

Reparación do muro entre as rúas París e Luxemburgo en Fontiñas. Informe proposta de suspensión temporal total das obras.

Apróbese a suspensión temporal total das obras, con data efectiva de paralización de 2 de novembro, data na que se comunica, por parte da empresa, a aparición de casos de contaxio por COVID na subcontrata. Atendendo aos criterios establecidos polo Servizo Galego de Saúde, en canto á duración da paralización, proponse establecer un prazo máximo igual ao da cuarentena ditada polo protocolo sanitario (10 días de ter comunidados resultados sanitarios ou 14 días de non telos). Rematado o prazo as obras deberán reiniciarse, ben co persoa anterior por ter recibida a alta, ou ben con outro persoal propio ou subcontratado. Será obriga do contratista ter feitas as xestións necesarias para ter listos os medios materiais e persoais necesarios no prazo indicado.

16. EMPREGO. Referencia: 2020/0000615I.

INFORME PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS A TRABALLOS ACADÉMICOS SOBRE EMPREGO E A XESTIÓN DO TALENTO.

Apróbanse as bases da convocatoria, que ten por obxecto regular a concesión de premios a traballos académicos relacionados coas temáticas do emprego e da xestión do talento, mediante concorrencia competitiva, en recoñecemento da súa calidade, carácter innovador ou impacto potencial no mercado de traballo.

Os traballos académicos obxecto desta convocatoria refírense ás seguintes categorías: Traballos Fin de Grao (TFG); Traballos Fin de Mestrado (TFM); Teses de Doutoramento; e Traballos de Investigación. O importe da convocatoria é de 20.000,00 euros, 5.000 euros para cada unha das categorías mencionadas.

17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00000631N.

Aprobación do convenio entre a empresa GADISA RETAIL S.L.U. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2020.

Apróbese o citado convenio de colaboración da empresa GADISA RETAIL nas festas do Apóstolo, coa aportación, por parte da empresa de 3.000 euros máis IVE a favor do Concello de Santiago. O Concello comprométese a incluír o logotipo e anagrama da empresa nos programas das festas, en elementos publicitarios nos concertos, e incluílo nas enumeracións de colaboradores.

18. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00000728V.

Aprobación do texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

Apróbese o texto do convenio da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, por importe de **20.000 euros**, co obxecto de colaborar na financiación das actividades que imparte.

19. DEPORTES. Referencia: 3461/2020.

Convenio de colaboración coa Federación Galega de Judo y Disciplinas Asociadas, 2020.

Apróbese o texto de convenio coa Federación Galega de Judo y Disciplinas Asociadas no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 6.000 euros, que ten como obxecto

a promoción do deporte na cidade e, en particular, do Judo de base mediante o desenvolvemento da COPA ESPAÑA INFANTIL DE JUDO, MASCULINA E FEMININA 2020.

20. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: SRB/813/2020.

CONVENIO DE COLABORACION CON MERCADO DE ABASTOS SCG

Apróbase o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Mercado de Abastos Sdade. Cooperativa Galega, por importe de 10.000 euros, co obxecto de colaborar nas campañas de promoción do citado centro comercial.

21. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00000414W.

Concesión de subvencións para actividades culturais 2020

Acórdase conceder, unha vez revisada a documentación aportada, unha subvención de 2.475 euros a Obradoiro de ideas Láncara.

22. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/118/2020.

Mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo

Apróbase o proxecto técnico de mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo, elaborado por Ezcurra e Ouzande Arquitectura S.L.P; por un orzamento máximo de licitación de **35.908,13 euros**, IVE engadido (29.676,14 euros aos que se engade o 21% de IVE que ascende a 6.231,99 euros). O prazo de execución é de 3 meses. Deberá levarse a cabo un control arqueolóxico previo á execución das obras.

23. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/94/2020.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DOS ASEOS PÚBLICOS EXISTENTES NA RÚA TRINDADE E NO PARQUE DA ALAMEDA

Apróbase o proxecto básico e de execución das obras de reforma dos aseos da rúa Trindade e do parque da Alameda redactado polos equipo de arquitectos RVR. O orzamento máximo de licitación é de **155.380,48 euros**. (128.413,62 € + 26.966,86 € de IVE (21%). O prazo de execución é de 5 meses.

24. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/460/2019.

Aprobación do proxecto de rexeneración da calzada da Avenida de Asturias

Apróbase o proxecto técnico de "Rexeneración do pavimento da calzada da Av. de Asturias, por un importe máximo de licitación de **499.054,47 euros**, IVE engadido (412.441,71 euros aos que se engade o 21% de IVE que ascende a 86.612,76 euros). O prazo de execución é de 4 meses. Non poderá comezar a execución da obras en tanto que non se reciba a correspondente autorización da Demarcación de Estradas do Estado (Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana)

25. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/93/2020.

Aprobación do proxecto duns novos aseos públicos na Avda. de Raxoi

Apróbase o proxecto básico e de execución dos novos aseos públicos na Av. de Raxoi, redactado polo equipo de arquitectos RVR. O orzamento máximo de licitación é de **208.817,86 euros**, IVE engadido (172.576,74 euros aos que se engade o 21% de IVE que ascende a 36.241,12 euros). O prazo de execución é de 5 meses. Deberá realizarse unha actuación de sondaxes arqueolóxicas antes do inicio das obras nos novos aseos.

26. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/53/2019.

ADXUDICACION "Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela" CON/53/2019

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Kapsch Trafficcom Transportation, SA, por un importe de **663.119,12 euros**, IVE engadido (548.032,33 euros máis 115.086,79 euros do 21% de IVE), cunha duración de tres anos e dividido en catro anualidades, de 2020 a 2023; ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. En

concreto, compromete a subministración dunha matriz de vídeo virtual a instalar no Centro de Control de Tráfico do Concello.

27. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/85/2011.

Devolución fianza “Servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela”. CON/85/2011.

Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa ARASTI BARCA M.A., S.L., por importe de 81.750 euros, para responder do citado contrato.

28. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/57/2012.

Liberación do saldo da operación contable 220130012556 vinculada á “Obras de reurbanización e parque público Finca do Espiño” CON/57/2012-

Acórdase liberar o saldo contable vinculado á citada obra, que ascende a **75.079,13 euros**.

29. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/00000140G.

Dase conta do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional por importe de 6.208 euros.

30. EDUCACIÓN. Referencia: 2020/000001055.

Dase conta do convenio asinado entre o concello de Santiago de Compostela e a USC, mediante o cal o concello chega unha cantidade de 1.000 euros para sufragar os custos do deseño, impresión e distribución do material divulgativo do Proxecto “Destacando na Ciencia, 2020”, do programa universitario de maiores IV Ciclo dirixido ao alumando matriculado no mesmo.

31. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2020/00000550T.

Dar conta da sinatura do convenio Fundación Gonzalo Torrente Ballester e proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2020.

Dase conta da sinatura do convenio Fundación Gonzalo Torrente Ballester, e acórdase proceder a efectuar a transferencia correspondente ao 2020, por importe de 10.000 euros, destinados á financiación de distintas actividades da entidade.

32 a 38. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Dar conta de varias sentenzas.

Dase conta

URXENCIAS

DECLARACIÓN DE URXENCIA.40. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00000825E.

APROBACIÓN DO CONVENIO COA CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E TORIZACIÓN DE PROXECTOS EMPRESARIAIS EN MATERIAS DE INFANCIAMENTO, INTERNACIONALIZACIÓN, FOMENTO DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR NO EIDO EDUCATIVO, PROGRAMAS PERSONALIZADOS DE FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO, ITINERARIOS PERSONALIZADOS DE EMPRENDEMENTO XUVENIL E IMPLANTACIÓN DO SELO DE CALIDADE “COMERCIO SEGURO” NO MARCO DO PROGRAMA “COMPOSTELA MÓVESE 2020. COVID-19.























Apróbase o modelo de convenio que se achega coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 100.000,00 euros, que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades formativas e informativas de persoas emprendedoras e empresariado local na busca da súa mellora empresarial e competencial, e á necesaria adaptación empresarial que están a realizar moitos dos negocios da cidade para adaptarse ás circunstancias xeradas pola crise da COVID-19.

41. EMPREGO. Referencia: 916K.

APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DIRECTOR E DOCENTE DO OBRADOIRO DE EMPREGO “CREAS III”.

Apróbanse as bases para a selección do alumando e persoal director e docente do obradoiro de emprego “Creas III”, que segundo a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, de 9 de novembro de 2020, conta cunha subvención por importe de **346.946 euros**, para 20 alumnos/as traballadores/as e **30.000 euros** en incentivos á contratación, con cargo aos orzamentos da Consellería de Emprego e Igualdade.

A distribución dos 20 alumnos/as por especialidades formativas, sera:

- Repoboación forestal e tratamentos silvícolas. (10 alumnos/as).
-                       (10 alumnos/as).

Está previsto realizar as actuacións:

- Traballo de acondicionamento e mellora em “Xiros dos montes de Compostela”
- Elaboración e mantemento de aplicación web “Xiros dos montes de Compostela”

42. EMPREGO. Referencia: 795S.

CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO “SUBSCRIPCIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO COGAMI”.

Corríxese o erro.

43. Proposta á Xunta de Goberno Local relativa á suspensión da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbase a proposta para que, durante o período ao que se refire a orde do 4 de novembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID19 na Comunidade Autónoma de Galicia, non se aplique a cota variable correspondente á Tarifa de locías de negocio, vivendas colectivas, administracións públicas e asimilados, aos suxeitos pasivos obrigados a suspender a súa actividade a consecuencia da citada Orde do 4 de novembro.